



Redacción
VIGO

Toda a información sobre a flora española, como familias, xéneros, os diferentes nomes vernáculos de cada planta e a localización xeográfica de cada unha, está recopilada nunha páxina web (www.anthos.es) accesible de forma gratuita.

O proxecto "Anthos" foi desenvolvido a partir dun convenio de colaboración entre a Fundación Biodiversidade, dependente do Ministerio de Medio Ambiente, e o Real Xardín Botánico, do Consello Superior de Investigacións Científicas. "Anthos", dirixido polo biólogo do CSIC Santiago Castroviejo, ten máis dun millón de rexistros, e información te-

mática dunhas 11.000 plantas localizables en España.

O proxecto partiu do inventario de "Flora ibérica", no que traballan varios científicos dende fai máis de 25 anos co fin de poñer ao día e de sintetizar os coñecementos sobre as plantas que crecen espontaneamente na Península Ibérica e nas Baleares, rexións especialmente ricas pola súa diversidade. Así, para as plantas da península e das Baleares, a maioría dos tratamentos taxonómicos que se ofrecen na pá-

xina web correspóndense cos xa publicados no inventario de "Flora Ibérica", e outros obtivéronse doutros inventarios como o de "Flora Europea".

Para as plantas das Illas Canarias, "Anthos" recopilou os tratamentos taxonómicos recollidos no inventario da Flora de Macaronesia.

"Anthos" inclúe mapas de distribución xeográfica de cada planta, elaborados a partir de información xa publicada ou de datos tomados polos expertos de diferentes herba-

rios, e toda a información procede de bases de datos de citas bibliográficas que o propio Xardín Botánico empezou a preparar no ano 1986.

Esa base de datos, ampliada grazas a este proxecto, conta con 640.000 rexistros de información extraídos de diversas publicacións científicas, e completóuse, no caso de algúns xéneros moi concretos de plantas, con informacións procedentes de pliegos de algúns herbarios, que foron cedidas polos seus autores.

Na nova web inclúense tamén datos biolóxicos e xeográficos pertencentes á base de datos de "Plantas Vasculares dos Parques Nacionais" e para a ubicación deses datos nos mapas deuse a cada planta unha coordenada única para cada Parque. Os nomes vernáculos das plantas son os mesmos que se asignaron nos volúmenes xa publicados nos inventarios de "Flora Ibérica", completados con outras publicacións e estudos sobre nomes vulgares de plantas.

Unha web con toda a flora española

Ten máis dun millón de rexistros e información sobre once mil plantas